

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
HOT	Hostalaría e turismo	CSHOT03	Guía, información e asistencia turísticas	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0387	Deseño de produtos turísticos	2023/2024	6	140	140

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	CONSUELO RIOS REY (Subst.)
Outro profesorado	CONSUELO RIOS REY

Estado: Supervisada

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral deste título consiste en planificar e promocionar destinos turísticos de base territorial, informar sobre eles, e guiar e prestar asistencia a persoas viaxeiras e a clientes nestes destinos, así como en terminais, en medios de transporte, en eventos e noutros destinos turísticos.

Este profesional exerce a súa actividade no sector turístico, entendido este no seu sentido máis amplo, o que inclúe calquera tipo de eventos, terminais de viaxeiros e empresas de transporte, ademais das áreas turísticas tradicionais, como destinos e puntos de información, entre outros. Ademais, o módulo sobre o que versa esta presentación, DPT, capacita ao alumnado para a creación e a implantación de plans e actividades de desenvolvemento locais, en relación co mesmo sector. Por conta propia, emprendendo actividades de creación de produtos turísticos locais, ou por conta allea, noutra empresa ou na administración pública local, nas concellerías de Turismo dos distintos concellos da provincia, patronatos, consorcios, etc...

Segundo o INE, a provincia recibiu en temporada alta unha media de 250.000 viaxeiros ao mes no ano 2019, antes da crise sanitaria motivada pola Covid-19.

A provincia de Pontevedra aglutina a maior parte da súa demanda nos Concellos costeiros de marxe Sur (Marín, Bueu, Cangas..) e da Norte (Poio, Sanxenxo..). Sen embargo, existen localidades de interior con numerosos atractivos susceptibles de ser desenvolvidos dende as distintas administracións municipais (Caldas de Reis, Cuntis, Pontecaldelas ou Soutomaior, entre outros). Este módulo da resposta e competencias a un alumnado cheo de ideas para dinamizar eses territorios e desconxestionar e/ou ofrecer alternativas ao turismo de sol e praia.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A planificación estratéxica	Nesta UD. comprenderase a importancia do binomio turismo- territorio.	30	20
2	Análise do potencial turístico dunha zona e a súa viabilidade.	Nesta UD. vanse identificar os elementos que constitúen un inventario de recursos, deseñaranse fichas técnicas de recursos, analizaranse diferentes técnicas de avaliación de recursos territoriais sen perder de vista os efectos do turismo e os instrumentos que minimicen os impactos negativos	30	20
3	Creación, modificación e eliminación de produtos turísticos.	Nesta UD. conoceranse os elementos que conforman a oferta turística, o produto e os seus niveis. Aprenderase tamén a elaborar mapas de posicionamento para así avaliar a competitividade dun destino.	20	20
4	Deseño de produtos turísticos.	Nesta UD. vanse a realizar os pasos para estruturar e crear produtos e servizos turísticos locais.	30	20
5	Posta en marcha do produto turístico.	Nesta UD. comprenderase a importancia da comunicación para dar a coñecer os PT. Tamén a necesidade de un software de xestión de destinos e o coñecemento actualizado das ferramentas actuais de comunicación.	18	10
6	Dinamización de recursos territoriais	Nesta UD. vanse a estudar os plans de desenvolvemento turístico viventes en cada un dos contextos individuais nos que se desenvolveu o módulo. Analizaranse diferentes ferramentas para o seguimento e control dos PPT deseñados. control e a	12	10

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A planificación estratéxica	30

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Analiza as bases e os fundamentos da planificación turística territorial.	SI
RA2 - Analiza o potencial turístico da zona aplicando técnicas de avaliación de recursos.	NO
RA5 - Pon en marcha produtos, servizos e destinos turísticos, para o que selecciona as variables de maior impacto socioeconómico no ámbito.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícaronse os conceptos e as premisas fundamentais da planificación estratéxica e territorial.
CA1.2 Definíronse as dimensións e os ámbitos da planificación e as particularidades do proceso adaptadas a cada caso.
CA1.3 Recoñecéronse as fases e a secuencia do proceso de planificación estratéxica do turismo.
CA1.4 Identifícaronse e caracterizáronse os instrumentos e as técnicas principais para o desenvolvemento do proceso.
CA2.11 Empregáronse as aplicacións informáticas para un deseño creativo.
CA2.11.1 Empregáronse aplicacións informáticas para un deseño creativo da imaxe de marca da empresa de servizos turísticos "nai" na que se vai a asentar o ABP
CA5.6 Establecéronse os instrumentos e as accións de comunicación principais, facendo especial referencia á construción da imaxe e as decisións de marca.
CA5.6.1 Establécéronse os instrumentos e as accións de comunicación principais da imaxe da marca "nai" creada para todo o ABP

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Orixes e antecedentes.</p> <p>Principios e requisitos.</p> <p>Relacións e dependencias entre a planificación turística e a territorial.</p> <p>Marco e niveis de intervención. Funcións e competencias das administracións públicas.</p> <p>Programación do desenvolvemento.</p> <p>Ferramentas de intervención: técnicas de diagnóstico, execución, xestión e avaliación.</p> <p>Conceptos e premisas fundamentais da planificación (CA1.1)</p> <p>Novas ferramentas informáticas de deseño e comunicación.(CA2.11)</p> <p>Importancia e creación da marca e da imaxe do destino. Funcións e tipos da imaxe de marca.</p> <p>Importancia da creación da marca e imaxe.</p> <p>Modelos de temporalización.</p> <p>Planeamento urbanístico.</p> <p>Normativa e directrices de desenvolvemento.</p>

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Análise do potencial turístico dunha zona e a súa viabilidade.	30

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Analiza o potencial turístico da zona aplicando técnicas de avaliación de recursos.	NO
RA5 - Pon en marcha produtos, servizos e destinos turísticos, para o que selecciona as variables de maior impacto socioeconómico no ámbito.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícaronse os elementos que constitúen os inventarios de recursos.
CA2.2 Realizáronse inventarios de recursos a partir do estudo de campo doutros recursos.
CA2.3 Identifícaronse os puntos clave dunha ficha técnica.
CA2.4 Deseñáronse e formalizáronse fichas técnicas do recurso territorial.
CA2.5 Analizáronse as técnicas de avaliacións dos recursos turísticos.
CA2.6 Delimitáronse as unidades ambientais turísticas e estableceuse o índice de potencialidade turística.
CA2.6.1 Delimitáronse as unidades ambientais turísticas.
CA2.6.2 Estableceuse o índice de potencialidade turística.
CA2.7 Identifícaronse os principais contidos da avaliación do impacto ambiental.
CA2.8 Valorouse a utilidade dos sistemas de información xeográfica para realizar estudos rigorosos, identificar limitacións e apoiar a toma de decisións.
CA5.1 Identifícaronse os efectos do turismo na área ou na zona.
CA5.2 Realizáronse todos os estudos necesarios para coñecer a capacidade de carga do destino onde se vaia levar a cabo o produto ou o servizo turístico.

4.2.e) Contidos

Contidos
Recursos turísticos do territorio.
0Avaliación da potencialidade turística. Cálculo do índice de potencialidade.
Avaliación do impacto ambiental.

Contidos
Sistemas de información xeográfica: modelos e funcións. Programas ofimáticos de xestión de datos. Fontes de investigación. Tipos de recursos. Confección de fichas de recursos turísticos. Elaboración dos inventarios de recursos turísticos. Técnicas de avaliación. Cuestionarios de avaliación de recursos. Modelos de estimación de capacidade de carga. Unidades ambientais turísticas. Análise dos efectos do desenvolvemento turístico. Establecemento da capacidade de carga.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Creación, modificación e eliminación de produtos turísticos.	20

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Analiza o potencial turístico da zona aplicando técnicas de avaliación de recursos.	NO
RA3 - Determina a oportunidade de creación, modificación ou eliminación dun produto ou servizo turístico, e avalía as variables que o caracterizan.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.9 Realizáronse análises tipo DAFO a partir da información obtida no estudo de campo.
CA2.10 Determinouse a posición competitiva do territorio a partir da análise DAFO.
CA3.1 Detectáronse os elementos de atracción do destino, a partir do traballo de diagnóstico previo.
CA3.2 Identifícaronse os elementos que caracterizan a oferta turística existente.
CA3.3 Recoñecéronse os tres niveis que forman parte do produto turístico: recursos, servizos e valor engadido.
CA3.4 Elaboráronse mapas de posicionamento do destino e produtos que o caracterizan.
CA3.5 Comprobouse se existe ou non unha perda de competitividade do destino.
CA3.6 Analizouse o ciclo de vida do destino e dos produtos que o configuran, determinando as medidas e actuacións oportunas en función da fase en que se atope.
CA3.6.1 Analizouse o ciclo de vida do destino determinando as medidas e accións oportunas
CA3.6.2 Analizouse o ciclo de vida dos produtos turísticos que configuran un destino.

4.3.e) Contidos

Contidos
Elaboración de sistemas de diagnóstico DAFO.
Organización da oferta turística: compoñentes e niveis.
Mapas de posicionamento.
Ciclo de vida dos destinos, os produtos e os servizos turísticos.
Ciclo de vida dos destinos
Ciclo de vida dos produtos ou servizos turísticos

Contidos
Medidas e accións asociadas a cada etapa. Competividade dun destino (CA3.5)

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Deseño de produtos turísticos.	30

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Analiza o potencial turístico da zona aplicando técnicas de avaliación de recursos.	NO
RA4 - Deseña produtos, servizos e destinos turísticos, para o que organiza e planifica actuacións concretas.	SI
RA5 - Pon en marcha produtos, servizos e destinos turísticos, para o que selecciona as variables de maior impacto socioeconómico no ámbito.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.11 Empregáronse as aplicacións informáticas para un deseño creativo.
CA2.11.2 Empregáronse aplicacións informáticas para un deseño creativo de imaxe de marca dos PPTT individuais creados.
CA4.1 Identifícaronse os obxectivos clave do plan de desenvolvemento para a súa aplicación na creación de produtos ou servizos.
CA4.2 Formuláronse plans de acción conforme os obxectivos identificados.
CA4.3 Relacionáronse os recursos para establecer o tipo de produto, servizo ou destino que se queira deseñar, a partir do modelo de desenvolvemento proposto e das estratexias deseñadas previamente.
CA4.4 Identifícaronse as características e a tipoloxía do destino, dos produtos e dos servizos planificados.
CA4.5 Identifícaronse os compoñentes do produto turístico.

Criterios de avaliación
CA4.6 Realizáronse as operacións necesarias para estruturar o produto, o servizo ou o destino turístico en función dos beneficios.
CA4.7 Realizáronse todos os pasos necesarios para a creación de produtos, servizos ou destinos turísticos.
CA4.8 Desenvolvéronse supostos e casos prácticos de deseño e creación de produtos turísticos contemplando a secuencia e fases do proceso.
CA4.8.1 Presentáronse os supostos e casos prácticos de deseño e creación de produtos turísticos contemplando a secuencia e as fase do proceso
CA5.6 Establecéronse os instrumentos e as accións de comunicación principais, facendo especial referencia á construción da imaxe e as decisións de marca.
CA5.6.2 Establecéronse os instrumentos e as accións de comunicación principais para cada produtos turístico creado.
CA5.7 Executáronse as técnicas necesarias para establecer os niveis de produto ou servizo turístico.

4.4.e) Contidos

Contidos
Clasificación dos destinos.
Definición do produto, do servizo e do destino.
Niveles de produto turístico
Planificación do destino turístico: creación e fases de desenvolvemento.
Plan de desenvolvemento do produto, do destino e do servizo turístico.
Plan de acción.
Tipoloxía e características dos diferentes destinos, produtos e servizos turísticos (CA4.4).
Importancia e creación da marca e da imaxe do destino. Funcións e tipos da imaxe de marca.
Funcións e tipos da imaxe de marca.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Posta en marcha do produto turístico.	18

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Pon en marcha produtos, servizos e destinos turísticos, para o que selecciona as variables de maior impacto socioeconómico no ámbito.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.3 Identifícaronse e seleccionáronse as técnicas de execución apropiadas ao modelo e á tipoloxía do destino e do produto deseñado.
CA5.3.1 Identifícaronse e seleccionáronse as técnicas de execución apropiadas ao modelo e á tipoloxía do destino
CA5.3.2 Identifícaronse e seleccionáronse as técnicas de execución apropiadas á tipoloxía do produto deseñado.
CA5.4 Identifícaronse e seleccionáronse as técnicas de xestión aplicables ao plan.
CA5.5 Executáronse as técnicas necesarias para o desenvolvemento e a posta en marcha dun novo produto.
CA5.8 Planeouse e deseñouse un modelo de xestión turística dos produtos creados, coas técnicas máis adecuadas ás particularidades de cada caso.

4.5.e) Contidos

Contidos
Desenvolvemento do produto, o servizo e o destino turístico.
Organismos de xestión.
Instrumentos e accións de comunicación.
O plan de comunicación: importancia e pasos para o seu deseño.

Contidos
Posta en marcha do produto e do destino turístico. Procesos e instrumentos de xestión. Sistemas de información e xestión turísticas. Ferramentas de información, formación, participación e sensibilización.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Dinamización de recursos territoriais	12

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Dinamiza os recursos económicos territoriais, tendo en conta a relación entre a actividade dos axentes locais e o produto ou o servizo turístico creado.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Valorouse a instrumentalización do turismo como motor de desenvolvemento local e os beneficios derivados.
CA6.2 Analizouse o marco de intervención, identificáronse as políticas, os plans e os programas estratéxicos de desenvolvemento local.
CA6.3 Seleccionáronse e utilizáronse as políticas, os plans e os programas de desenvolvemento turístico e local.
CA6.4 Identificáronse e seleccionáronse os equipos humanos e as técnicas adecuadas para dinamizar os recursos da zona.
CA6.5 Aplicáronse as técnicas de dinamización seleccionadas.
CA6.6 Valorouse a repercusión da dinamización turística levada a cabo como oportunidade de desenvolvemento local, da economía e do benestar social.
CA6.7 Distinguíronse e analizáronse as modalidades e as ferramentas de medición e control.
CA6.8 Identificáronse e seleccionáronse os indicadores para o seguimento e a avaliación correctos do produto desenvolvido.

Criterios de avaliación

CA6.9 Planeouse e deseñouse un sistema de seguimento e control dos produtos deseñados.

4.6.e) Contidos**Contidos**

Desenvolvemento local. Fundamentos e premisas de desenvolvemento.

Desenvolvemento local e empregos futuros.

Políticas instrumentais de desenvolvemento local.

Programas de intervención para o desenvolvemento.

Axudas e subvencións.

Avaliación, control e seguimento.

Instrumentos e técnicas de medición.

Indicadores de desenvolvemento: categorías e aplicación.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Criterios de cualificación: As calificacións do alumnado serán o resultado de valorar:

- 70%: Probas teórico prácticas, unha ó final de cada trimestre nas que se valorarán os contidos adquiridos ó longo do mesmo. No caso de que a proba conste dunha parte teórica e outra práctica, será preciso acadar a metade da nota en cada unha das partes para obter una avaliación positiva. A copia ou a sospeita fundamentada de copia por parte dun alumno que sexa observada por parte do profesor durante a realización da proba conlevará un cero na proba teórico práctica.

- 30%: Tarefas realizadas polo alumnado ó longo do trimestre. Estas actividades son de obrigado cumprimento. Valorarase tanto o contido da mesma como a exposición segundo os criterios presentados na aula pola profesora. Igualmente esíxese e valorarase que as actividades se presenten cos requisitos, valores, actitudes, aptitudes e destrezas profesionais que correspondan en cada caso. Non se aceptarán actividades fóra

da data marcada como límite na aula. Aqueles alumnos e alumnas que non acudan a clase cando se programan as actividades terán a responsabilidade por sí mesmos de informarse ao respecto sobre os contidos das actividades ou as datas de entrega.

Aqueles alumnos que non presenten unha determinada actividade poderán ser avaliados da mesma no momento que a profesora considere oportuno, previo consenso co alumno/a e de xeito oral e/ou escrito.

Para acadar unha avaliación positiva, será preciso acadar a metade da nota en cada unha das partes.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As probas escritas serán recuperadas cunha proba teórico-práctica (escrita ou oral) . É preciso destacar que as actividades de recuperación non van encamiñadas a mellorar a nota obtida no desenvolvemento das actividades ordinarias senón que só as realizarán aqueles que non poideran acadar os resultados mínimos exixidos nas probas ordinarias.

As actividades didácticas desenvolvidas non serán obxecto de recuperación directa senón que serán avaliadas e analizadas entre os alumnos e alumnas que non as superen e a profesora co fin de encamiñalas e aclaralas debidamente. De todos os xeitos, estas actividades son de carácter obrigatorio para todos e todas, o que supón que aqueles que non as entreguen poderán ser avaliados das mesmas en calquer momento.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perda o dereito á avaliación continua deberá presentarse a unha proba final que se celebrará no mes de Xuño.

A proba constará de dúas partes. Unha delas será teórica e a outra, práctica.

Parte A: proba escrita composta por preguntas tipo test, curtas, esquemas ou preguntas a desenvolver, que van a incluír tódolos mínimos esixibles da programación do módulo. Para superar dita proba será preciso obter un mínimo de 5 puntos sobre 10 e ter superados positivamente tódolos mínimos esixibles. A duración será ate un máximo de 2 horas.

Parte B: proba práctica que consistirá na realización de supostos prácticos. A proba poderá conter exercicios de cálculos, así como tamén manexo de software. A duración será ata un máximo de 2 horas.

Para superar dita proba será preciso obter un mínimo de 5 puntos sobre 10 e ter superados positivamente tódolos mínimos esixibles.

Para aprobar o módulo débense superar as dúas partes da proba cunha nota mínima de 5 puntos sobre 10.

Así mesmo é obrigatorio ter entregados tódolos traballos realizados o longo do curso para poder superar o módulo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Segundo o Decreto 114/2010 do 1 de xullo DOGA 12 de xullo de 2010, o equipo docente realizará mensualmente o seguimento das programacións de cada módulo, con indicación do grado de cumprimento con respecto á programación e, no caso de desviacións, cunha xustificación razoada.

Coa fin de avaliar a práctica docente, o alumnado realizará dúas enquisas ao longo do curso valorando aspectos relativos á organización e metodoloxía empregada, o interese da profesora, as cualificacións e a actitude persoal. Ditas enquisas forman parte dun sistema interno e externo de auditoría de calidade .

Pola súa conta profesora realizará un cuestionario propio de avaliación da práctica docente ao finalizar cada trimestre ao fin de coñecer o parecer do seu alumnado e aplicar as medidas de mellora oportunas.

Por outra banda, a profesora fará un seguimento semanal do alumnado no seu caderno de aula dixital de Additio

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Tal e como se establece na lexislación vixente, Orde do 12 de xullo de 2011, no seu artigo 28: "Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente".

Neste módulo realizarase un cuestionario de avaliación inicial (sobre coñecementos previos, intereses e motivacións do noso alumnado) realizado en Microsoft Forms, na segunda sesión ao inicio de curso. O resultado complementarase con formularios procedentes do departamento e/ou o modelo para a realización desta avaliación inicial que a Xunta de Galicia proporciona na súa páxina web e terase en conta a información relevante recollida do curso anterior, de tal forma, que o equipo de ciclo de 2º poida construír un cadro xeral dos aspectos xerais.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Se se percibe que algún alumno/a presenta dificultades para alcanzar algún dos resultados de aprendizaxe, traballaranse estas coas actividades de reforzo que están baseadas nas dificultades concretas que se evidencien.

Este módulo non soe necesitar actividades de reforzo porque non require de coñecementos previos pero as que se deseñan, fanse pensando naquel alumnado de maior idade con escaso manexo nas novas tecnoloxías co obxectivo de que alcancen un nivel usuario nos programas de edición de texto, follas de cálculo e ferramentas de deseño de presentacións ou de materiais de marketing.

Para aquel alumnado que quixera ampliar contidos, hai deseñadas actividades de ampliación consistentes en lecturas, visionado de vídeos e propostas de ideas de produtos turísticos.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Os temas de carácter transversal establecéronse tendo en conta o carácter específico da formación profesional, e o concepto de módulo como unidade de coñecemento que pode englobar diferentes áreas ou materias pero que permite dotar aos alumnos dunhas certas capacidades e destrezas de acordo cunha cualificación profesional.

Os temas transversais que se teñen en conta son os seguintes:

- Fomento da igualdade entre homes e mulleres, promovendo o uso de linguaxe non sexista
- Fomentar o uso de internet e das TIC, empregando o ordenador como ferramenta de traballo (diferentes softwares de xestión de persoal), e usalo para a búsqueda e selección de información en internet.
- A educación para a saúde versará sobre a importancia da adquisición de bos hábitos posturais no traballo e outros elementos da ergonomía física e psicolóxica, recomendando tamén uns bos hábitos de alimentación saudables e a práctica de exercicio físico diario.
- O respecto polo medio ambiente no caso das actuacións propias do módulo fomentárase a aplicación de boas prácticas na xestión de recursos de uso habitual na aula e na profesión coma o consumo do papel, tóner, iluminación...
- A educación para a paz procurárase resolvendo conflitos fomentando un diálogo baseado no respecto e procurando aplicar as habilidades da intelixencia emocional na convivencia como por exemplo, fixar probas, propor condicións ou prazos de entrega, etc...

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Debido á natureza dos ciclos poden realizarse unha serie de actividades complementarias e extraescolares ao longo do curso fóra das aulas e nas aulas.

Estas actividades serán de obrigatorio cumprimento no caso de que se realicen en horario escolar.

As actividades complementarias que se poden incluír como axeitadas no módulo de Deseño de Produtos Turísticos son:

- Semanas ou xornadas turísticas.
- Conferencias y charlas especializadas

- Asistencia a algunha feira ou evento programado que teña relación con contidos do módulo. Poderán ser feiras turísticas e/ou gastronómicas da zona e as súas xornadas técnicas/conferencias
- Visitas a destinos que sexan de especial relevancia para o módulo.
- Outros actos relacionados co módulo.

10. Outros apartados

10.1) Programación

Nas primeiras sesións do curso comentarase de xeito verbal ao alumnado presente na aula o contido da programación, facendo fincapé nos seguintes puntos:

- Obxectivos, competencias e criterios de avaliación.
- Criterios de cualificación.

A versión alumno desta programación está á súa disposición na aula virtual Moddle e na páxina web do Centro.

O alumnado asinará un documento conforme foron informados de todos os puntos desta programación e onde poden consultar unha versión da mesma.

10.2) Recursos TIC

Na metodoloxía diaria utilizaranse os recursos seguintes:

- Aula polivalente.
- PC e conexión a internet.
- Pantalla de proxección e canón.
- Aula Moodle do Centro.
- Conta gratuita corporativa en Microsoft Office 365 que permitirá usar todos os aplicativos.
- Foro de dúbidas da aula virtual

10.3) Comunicación

A comunicación co alumnado farase pola canle Abalar Movil ou pola Aula virtual.

Todos os contidos, presentacións, recursos complementarios, tarefas e probas estaran a disposición do alumnado na Aula Virtual Moddle por si por mor da Crise sanitaria ou outros motivos , algún alumno, grupo ou docente vese obrigado a non poder acudir ao centro.

En caso dunha nova crise sanitaria , as clases poderanse facer de xeito telemático usando a aplicación Cisco Webex.

10.4) Solapamento de contidos

Os Criterios de avaliación 2.2,2.3,2.4 e 2.5 ya foron tratados no módulo de Recursos turísticos en primeiro curso. Repasaranse e afondarase nos CA 2.6 e posteriores.